

La entrevista del día

Victorino Pérez Prieto acaba de publicar o volume "Con cordas de tenrura"

"O libro pretende transmitir a idea de que Deus non é castigador nin opresor"


Redacción • Ferrol

Victorino Pérez Prieto ten unha longa traxectoria no eido das publicacións. Ademais de colaborar en prensa, ten editado diversos libros sobre relixión. O último, "Con cordas de tenrura", transmite unha experiencia do encontro co Deus de Xesús partindo das súas propias vivencias. En palabras do autor "éste é un libro a cabalo entre a espiritualidade e a teoloxía, que é unha reflexión máis científica sobre a fe. En cambio, a espiritualidade ten máis que ver coa vivencia de cada un".

—¿Que significa o título do libro?

—É un versíño dun libro do profeta Oseas, que aparece nun dos libros máis tenros de toda a Biblia. É unha expresión poética preciosa, Deus ata ó pobo con cordas de amor e tenrura. A razón de poñerlle ese título é que moitas veces se ten a idea de Deus como dun despota que pon normas e se non as cumpres castígate. Na miña experiencia, é ó contrario, non impón nada. O libro pretende transmitir a idea de Deus non castigador e non opresor.

—Sen embargo, de sempre



Victorino Pérez Prieto co seu último libro publicado pola editorial SEPT, na colección Xeira Nova

se falou do castigo divino, do inferno...

—A Biblia fala ás veces da cólera de Deus, pero un gran teólogo interpretouna coma tristura. Deus non castiga nen sequera ós malos. Estou con-

vencido de que a idea popular de Deus vai evolucionando. A xente conecta ben con esta imaxe de Deus amor e non castigador.

—Entón, ¿cal é a boa interpretación da Biblia?

—Na Biblia hai unha evolución da súa comprensión. A xente evolucionou e hoxe se interpreta mellor que hai mil anos e dentro doutros mil se comprenderá mellor. Deus é o mesmo, somos nós os que estamos limitados na comprensión.

—No seu libro, vostede di que a sociedade caeu na trivialización, ¿pensa que hai unha crise de valores?

—Si, non hai dúbida. Estamos nun mundo que evoluciona tan rapidamente que a persoa non sabe atopar unha escala de valores que orienten a súa vida. Isto non quere dicir que eu teña unha visión negativa do mundo, senón que como é tan plural hai moito de todo.

—¿Pode seguir sendo Xesús

un referente, dous mil anos despois?

—Completamente. Levo vinte anos de cura e cando hai unha crise relixiosa os xóvenes non arremeten contra Xesús, ó contrario, parécelles un tipo "guai". A Igrexa é unha das institucións que teñen a historia máis longa de occidente e tivo cousas boas e malas. Eu nunca oculto os erros porque ver o malo non impide ver o bo. Moita xente pensa que non quero á Igrexa porque a critico, ó contrario, se a critico é porque quero que vaia mellor. A miña experiencia dime que cando a Igrexa non reconece os seus erros, a súa relación coa sociedade é peor. Á mocidade non se lle pode impoñer nada, nin ir con mentiras.

—¿A Igrexa ten que adecuar o seu discurso á xente xoven?

—Totalmente. A alta xerarquía debe evolucionar as súas directrices e cambiar para ben e ganará moito.

Relixión a través de Internet

A Igrexa, ó igual que os resto das institucións, ten que ir co paso das novas tecnoloxías e non pode permanecer allea a Internet. "Hoxe a rede é a ventana máis plural que existe e a Igrexa vai ter que transmitir o seu discurso a través dela, entre outras moitas canles", dixo Victorino Pérez.

De feito, este cura predica co exemplo, xa que el ten unha páxina web e correo electrónico (vito-pe@planalfa.es), xa que como el mesmo di, se quere chegar a un maior número de xente ha de ter un discurso actual, utilizando a linguaxe de hoxe. "No mundo houbo un cambio no paradigma de pensamento global e eu debo telo en conta", continúa.

Aínda que a Igrexa se adapte ós novos medios tecnolóxicos, como o manifesta o feito de retransmitir a misa por televisión, e a existencia de páxinas web, nunca chegará a existir a posibilidade dunha misa virtual, nin de confesarse en Internet. "A misa por televisión está ben, pero non é o mesmo que na igrexa, non se pode participar na eucaristía a través da pantalla. A televisión e Internet son tremendamente empobrecedores. É o onanismo da rede, se unha persoa se relaciona só nese ámbito, acabará converténdose nun becho", di Pérez Prieto.

Celibato ou matrimonio

Victorino Pérez Prieto é da crenza de que os curas moi pronto terán a opción de elixir sobre o seu celibato. "Certa glorificación do celibato ou da virxidade, parece que é minusvalorar ó que non o é. Non é mellor cristián unha monxa que unha muller casada, son opcións diferentes", dixo. A Igrexa acabará aceptando esta idea, pois o papa actual manifestou nunha ocasión que ía haber curas casados, pero non no seu pontificado, según di Pérez Prieto.

"Éste é un camiño irrefreable, continúa, ó igual que o acceso das mulleres á carreira sacerdotal, anque lles levará máis tempo. Hoxe non hai argumentos teolóxicos de peso para que as mulleres non poidan acceder ó sacerdocio", asegura o párroco. Esta idea non é tan descabellada, xa que a muller ocupa postos laborais impensables hai anos. Os tempos cambian e fan evolucionar o pensamento, como ocorreu coa sotana dos curas, hoxe parece normal que non a leven, cando hai cincuenta anos era impensable.